



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015, SEGUNDO A ORDEANZA DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA BOP nº 1 DO 2 DE XANEIRO DE 2015.

### 1º.- OBXETO DA CONVOCATORIA

Selección de 34 traballadores/as desempregados/as de entre os candidatos enviados preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, para a prestación de servizos de interese xeral ou social por un periodo de seis meses e cunha xornada a tempo parcial de 25 horas semanais, segundo o artigo 4 e 5 das Bases reguladoras da convocatoria publicada no BOP nº1 de 2 de xaneiro de 2015.

### 2º.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Con carácter xeral os/as candidatos/as enviados polo Servizo Público de Emprego deberán reunir os requisitos establecidos pola convocatoria do programa subvencionado (BOP núm. 1 de 2 de xaneiro de 2015), e ademáis deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requeridas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Titulación necesaria para o posto de traballo a desenvolver.



Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración da selección.

### **3º.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA.**

A fase de selección, será mediante concurso-oposición, ambas fases se valorarán conxuntamente, non sendo excluíntes ningunha das probas da fase de selección.

Ambas probas se realizarán o mesmo día, polo que os aspirantes deberán asistir á hora sinalada, provistos do D.N.I. ou documento identificativo, e a carta de convocatoria remitida polo Servizo Público de Emprego.

### **4º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL.**

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

Presidente/a: Un/ha empregado/a municipal

Vogáis (3): Tres empregados/as municipais.

Secretario/a: Un/ha empregado/a do Concello, agás que recabe para sí estas funcións a Secretaria Xeral.

Os membro da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora poderá recabar, se o estimase procedente e convinte, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da L.R.X. – P.A.C.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente/a, o/a Secretario/a e un tercio dos vogáis.

### **5º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.**

A proba selectiva tratará de combinar equilibradamente a capacitación profesional e os aspectos sociais dos candidatos.

#### **1. FASE DE CONCURSO (Máx. 5 puntos)**

**a) Formación (Máx. 2 puntos):** Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas coas funcións propias da convocatoria, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración Pública,



por un centro oficial de formación ou institución homologada para impartir formación profesional continua.

Cursos de ata 30 horas :	0,25 puntos
Cursos de 31 a 100 horas:	0,50 puntos
Cursos de 101 a 300 horas:	0,60 puntos
Cursos de más de 301 horas:	1,00 punto

**b) Situación socio familiar (Máx. 2 puntos):** Acreditarase mediante declaración xurada.

**Cargas familiares (artigo 11.d BOPPO nº1):**

Número de membros a cargo do/a aspirante	Puntos
1	0,5
2	1
3	1,25
>4	1,50

**Antigüidade como demandante de emprego (artigo 11.a BOPPO nº1):**

Menos de 1 ano	0,25
1 ano ou máis	0,75

**Outros (artigo 11.5.b/c BOPPO nº1):**

Non ter prestado servizos para o Concello de Vilagarcia no ano 2014 e 2015	0,5
Carencia de ingresos na unidade familiar	0,5

**c) Acreditación de coñecemento do idioma galego (Máx. 1 punto):**

Acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou centros oficiais. Puntuarase únicamente o de maior nivel.

Celga 2:	0,50 puntos
Celga 3:	1,00 punto

**2. FASE DE OPOSICIÓN (Máx. 6 puntos)**

Os aspirantes deberán asistir a unha entrevista persoal e individual co Tribunal, que versará sobre as competencias e a capacitación dos aspirantes para o desenrolo adecuado do posto. Para elo, o Tribunal fará unha serie de preguntas para valorar as



competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto de traballo, sendo a puntuación máxima de esta proba de 6 puntos.

As cualificacións da fase de entrevista adoptaranse sumando as puntuacións otorgadas por cada membro do Tribunal a cada aspirante e dividíndoas polo número total de membros do Tribunal, sendo o cociente resultante a puntuación que obteña o aspirante na entrevista.

### **3. VALORACIÓN FINAL.** (Max. 11 puntos)

Unha vez rematadas as probas o Tribunal baremará os resultados obtidos na fase de méritos e na fase de oposición para seleccionar con tódala información recollida ós candidatos que mellor se adecúen ao posto de traballo ao que optan, sendo seleccionados os que obteñan maior puntuación.

En caso de igualdade na puntuación final dos aspirantes, terase en conta en primeiro lugar a puntuación obtida na valoración feita polo Tribunal na entrevista, e se seguira habendo empate, se atenderá á puntuación obtida na fase de méritos e por último se persistira o empate, se resolverá por sorteo.

O Tribunal formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva.

O/a secretario/a levantará acta comprensiva dos elementos ou criterios obxectivos de valoración adoptados para a cualificación, así como do resultado das probas.

### **6º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.**

O/a aspirante seleccionado/a e proposto/a polo Tribunal deberá presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prazo de tres días.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.



## 7º. INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

Vilagarcía de Arousa, a 19 de marzo de 2015

O Alcalde-Presidente



D. Tomás Javier Fole Díaz

A Secretaria Xeral.



Dña. Rosa Losada Suárez

